



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO

Nº Expediente: 2016/C006/000001

Asunto: Adxudicación do contrato administrativo especial "Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira"

Mediante o acordo de Xunta de Goberno Local de data 08.06.2016 foi aprobado o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a adxudicación do contrato administrativo especial de "Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira", por procedemento aberto, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 09.06.2016 publicouse un anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cedeira e na web municipal; e o día 13.06.2016 publicouse un anuncio no BOP.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

- Laura Gamundi López
- Ángel Sousa Piñón
- Rey Foronda, S.C.

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 4 e 5 de xullo de 2016, valorou as ofertas da seguinte maneira:


- 1.- Admitir a todos os licitadores presentados.
- 2.- Unha vez valorada a documentación contida nos sobres B (oferta económica e melloras), obtéñese a seguinte puntuación:

LICITADORES	CANON ANUAL OFERTADO (sen IVE)	PUNTUACIÓN CANON ANUAL	PUNTUACIÓN MELLORAS	TOTAL
LAURA GAMUNDI LÓPEZ	601,00	0,00	0,00	0,00
ÁNGEL SOUSA PIÑON	1.234,20	5,00	21,00	26,00
REY FORONDA, S.C.	905,00	2,41	14,00	16,41

3.- A Mesa formulou, con data 05.07.2016 unha proposta de adxudicación a favor do seguinte licitador, por ser quen presentou a oferta economicamente máis vantaxosa:

- licitador: ÁNGEL SOUSA PIÑÓN.
- Canon anual: 1.234,20 euros e 259,18 euros de IVE, cun total de 1493,38 euros.





O día 07.07.2014 requiriuse ao licitador D. Ángel Sousa Piñón para que presentara a documentación á que se refire o artigo 10º do Prego de cláusulas administrativas; e constituira a garantía definitiva polo importe de 1.000,00 euros. Asimesmo foi publicado este requirimento no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira e na web municipal.

Con data 19.07.2016, D. Ángel Sousa Piñón constituíu a garantía definitiva polo importe de 1.000,00 euros mediante un ingreso en efectivo na conta do Concello de Cedeira no BBVA e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Reunida de novo a Mesa de contratación con data 20.07.2016, e logo de examinar a documentación presentada, ratificouse na súa proposta de adxudicación a favor de D. Ángel Sousa Piñón.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 14 da Lei 30/1992.

2.- Adxudicar o contrato administrativo especial de “Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira” por procedemento aberto, a favor de D. Ángel Sousa Piñón, con DNI núm. 32711341M, coas seguintes condicións:

- canon anual: 1.234,20 euros e 259,18 euros de IVE, cun total de 1.493,38 euros.
- realización das melloras propostas de acordo coa oferta presentada (sobre B)

3.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

4.- Notificar a D. Ángel Sousa Piñón o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o vindeiro día 2 de agosto de 2016 ás 13:30 horas no Concello de Cedeira.

5.- Publicar a adxudicación do contrato administrativo especial “Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira” no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira e na web municipal.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333 do TRLCSP, de Contratos do Sector Público.


7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

8.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





DILIXENCIA

Que estendo eu, Ana Velo Ruiz, Secretaria do Concello, para facer constar que na Resolución da Alcaldía nº 386/2016 de 27 de xullo, co seguinte asunto: “Adxudicación do contrato administrativo especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do Paseo Marítimo” detetouse erro, de tal forma que onde dí:

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

Debe dicir:

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, María del Mar Antón Brage, como Secretaria acctal., dou fe.

En Cedeira, a 28 de xullo de 2016.

